



Asociación Cultural Canle – LIRA

XXIV CARREIRA A PÉ - LIRA

- DATA: sábado 5 de agosto.
- LUGAR: Mar de Lira (Lira)
- PROMOVE: A. C. Canle.
- PATROCINA: Stolt Sea Farm. S.A.
- COLABORA: Concello de Carnota, Bar Moncho, Restaurante Doña Teresa e voluntarios.
- **Categoría, ano de nacemento, distancias, hora de saída e inscricións:**

Categoría	Ano de nacemento	Distancias	Hora de saída	Gastos de inscrición
Prebenxamíns	2010 e posteriores	300m aprox	19:00	non
Benxamíns	2008-2009	500m aprox	19:05	non
Alevíns	2006-2007	1500m aprox	19:15	non
Infantís	2004-2005	1500m aprox	19:15	non
Cadetes	2002-2003	3118m aprox	19:30	non
Xuvenís	1999-2000-2001	9660m aprox	20:00	8 €
Senior	1979-1998	9660m aprox	20:00	8 €
Veteráns	1978 e anteriores	9660m aprox	20:00	8 €

NOTA: os horarios das carreiras non están libres de sufrir algunha modificación se presenta algún imprevisto de última hora.

- **Inscricións:**

Ata o xoves 3 de agosto ás 23:59 h a través de carreiralira.galitiming.com.

As inscricións das categorías: xuvenís, senior e veteráns, terá un custo de 8 euros.

Os nenos e nenas das categorías inferiores son de valde. Os prebenxamíns, benxamíns, alevíns, infantís e cadetes, tamén deberán inscribirse a través de galitiming (se queda fóra do prazo de inscrición poderán participar igual na carreira).

Nas categorías: prebenxamíns, benxamíns, alevíns e infantís todos os participantes **inscritos pola web** recibirán unha medalla.

- **Datos obrigatorios para as inscricións:**

N.I.F., nome e apelidos, data de nacemento completa, sexo, teléfono de contacto (se o ten) e mail de contacto (se o ten).

- **Premios:**

Prebenxamíns trofeo para 1º clasificado e medalla para o resto de participantes.

Benxamíns trofeo para 1º clasificado e medalla para o resto de participantes.

Alevíns trofeo para 1º clasificado e medalla para o resto de participantes.

Infantís trofeo para 1º clasificado e medalla para o resto de participantes.

Cadetes trofeo para 1º clasificado e medalla para o 2º e 3º clasificado.

Xuvenís trofeo para os tres primeiros clasificados.

Seniors trofeo para os tres primeiros clasificados.

Veteráns trofeo para os tres primeiros clasificados.

- **Percorridos:**

Todas as carreiras saíran e chegarán a Mar de Lira, menos a dos benxamíns que acabará no medio das escabaleiras

- 300 m - prebenxamíns.
- 500 m - benxamíns.
- 1500 m - alevíns e infantís.
- 9660 m - xuvenís, seniors, veteráns.

- **Regulamento:**

1. A asociación **CANLE** será a organizadora da **XXIV CARREIRA A PÉ** de Lira.
2. A carreira estará controlada por personal de **Galitiming** e de **Canle (comité organizador)**.
3. A asociación e os seus colaboradores non se fan responsables de danos morais, físicos ou materiais que así mesmo ou a outras persoas lles ocasionen aos participantes nesta proba deportiva, nin outros que, con motivo da competición, poidan corresponder ante o seguro da proba ou outra mutualidade.
4. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
5. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
6. Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalos ou dobralos. O número debe de estar sempre ben visible.
7. Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou a xuízo da organización cometa algúnha irregularidade, será descalificado.
8. Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba. Os horarios son os seguintes:

- Prebenxamíns – 19:00 h
- Benxamíns - 19:00 h
- Alevins – 19:15h
- Infantís – 19:15h
- Cadetes – 19:30 h
- Xuvenís – 20:00 h
- Seniors – 20:00 h
- Veteráns – 20:00 h

9. Na carreira de 10km o percorrido estará sinalizado e contará cun avituallamento na metade do percorrido (Susíños).
10. O control de chegada na carreira de 10 km pecharase 40m despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.
11. Os trofeos non serán acumulativos.
12. O horario da entrega de trofeos estará suxeita a decisión do comité organizador (ao remate de cada carreira ou todos xuntos o final das probas).
13. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar de cara os compañeiros, público, organización en xeral.
14. Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes desta.
15. Límite de participantes 500 corredores.

Máis información en: Canle.org / www.carreiraapecanle.com